

CERDIDO

Admitidos/ excluídos, Tribunal e data do 1º exercicio para cubrir en propiedade unha praza de Oficial de servizos varios por promoción interna.

ANUNCIO

A Alcaldía-Presidencia do Concello de Cerdido, en data 26 de setembro do 2022, emitiu o Decreto núm. 229/2022 referido ao proceso selectivo para o acceso por promoción interna a praza de oficial de servizos varios.

Visto apartado 5 das BASES XERAIS E ESPECÍFICAS PARA CUBRIR EN PROPIEDAD unha praza de OFICIAL DE SERVICIOS VARIOS: PROMOCIÓN INTERNA incluída no grupo de clasificación profesional IV C1 correspondente á oferta de emprego público aprobada por decreto do 22.10.2020.

De acordo coas competencias que se atribúen á Alcaldía polo artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, na súa redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a modernización do Goberno Local, pola presente

RESOLVO

Primeiro.- Aprobar a lista provisional de admitidos e excluídos para CUBRIR EN PROPIEDAD unha praza de OFICIAL DE SERVICIOS VARIOS: PROMOCIÓN INTERNA incluída no grupo de clasificación profesional IV C1

PERSOAS ADMITIDAS	
NOME E APELIDOS	DNI
JOSE VICENTE CASAL VILLASUSO	32*****3V

Segundo.- Elevar a definitiva a lista provisional de admitidos a non existir aspirantes excluídos.

Terceiro.- Publicar no Taboleiro de anuncios do Concello de Cerdido, na páxina web municipal e no Boletín Oficial da Provincia.

Terceiro.- Nomar aos membros da Comisión seleccionadora que estará composta por:

- Presidente, Manuel Larrosa Rodriguez (Concello de Ares).
- Secretaria, Isabel Margharetto Rodriguez (Concello de Ares)
- Vogal, Juan J. Pérez Fernández (Concello de Valdoviño).
- Vogal, Montserrat Rodríguez Sánchez (Concello de Ares).
- Vogal, Vicente Bogo Dopico (Concello de Valdoviño)

Cuarto.- Os opositores deberán presentarse o vindeiro 30 de Setembro do 2022 ás 17:30 horas na Casa Consistorial de Cerdido para a celebración da primeira proba conforme o apartado 3.7 das BASES XERAIS E ESPECÍFICAS PARA CUBRIR EN PROPIEDAD unha praza de OFICIAL DE SERVICIOS VARIOS: PROMOCIÓN INTERNA incluída no grupo de clasificación profesional IV C1 correspondente á oferta de emprego público aprobada por decreto do 22.10.2020

Proba práctica, eliminatoria, sobre tarefas propias do posto de traballo.

Dita proba terá como obxecto a demostración polo aspirante das habilidades propias do perfil ao que se opta. Consistirá no desenvolvemento, durante o tempo previamente determinado pola Comisión cualificadora de tarefas relacionadas co programa que se reflicte.

Valorarase o nivel de precisión na execución e o tempo empregado no desenvolvemento. A puntuación máxima da fase de oposición será de dez puntos, sendo eliminados os aspirantes que non acaden un mínimo de cinco puntos. A data, hora e o lugar de celebración da proba serán anunciados oportunamente na páxina web do Concello e no taboleiro de anuncios da Casa consistorial, non sendo convocados expresamente os aspirantes para a celebración da mesma.

Quinto.- Para a práctica do exercicio será requisito indispensable que as persoas interesadas concorran provistas do D.N.I. ou documentación equivalente, que acredite de xeito indubidable a súa identidade.

Os aspirantes non poderán introducir no espazo onde se vai realizar o exame ningún dispositivo electrónico programable, con capacidade para almacenamento de voz e/ou datos ou transmisión dos mesmos. Tampouco se permitirá o uso de reloxos que aporten algunhas prestacións equivalentes ás anteriores. Todos estes elementos deberán estar fóra do alcance dos opositores, quen ademais deberán manter os seus pavillóns auditivos despexados para a verificación de que non usan dispositivos auditivos non permitidos.

En Cerdido, a 26 de setembro do 2022.

O Alcalde

Asinado, Benigno Galego Castro.